

LIBROS

Garzas azuis

É moito o que nos dá coa súa linguaxe poética Alfonso Pexegueiro, abonda con pensar na renovación literaria que significa *Seraogna* (1976) onde, como se nos lembra nun dos paratextos que acompañan este libro xa “o poema foi roto na mirada do neno”. Pode ser que sexa o neno o que constrúa e destrúa coa súa ollada a poesía que contén este libro que vén de publicar Xerais, recuperando a lingua orixinal na que foi escrito. O libro-objeto que agora comentamos é especial: primeiro vai acompañado das fermosas ilustracións de Xosé Freixanes que fan florecer no poema todas estas palabras que van cobrando corpo coa forza do canto, ladaíña que oxalá chegue a escorrentar o mal. Especial por todos os paratextos que o envolven: o prólogo de Joaquín Ruiz-Giménez Cortés, desde o que se insiste na importancia do poeta como axitador de conciencias; a nova dedicatoria deste “conto-poema” que fai o autor, e na que latexa o seu desexo de sempre: “que os sonhos nos axuden a descubrir a realidade e que a realidade nos permita descubrir os sonhos”; e, finalmente, ese apartado de “Post Scriptum”, que inicia a cita de H. Böll, onde se nos lembra que do único que hai que protexer aos nenos é dos maiores; agora sabemos que, nas palabras simbólicas desta atmosfera onírica de Pexegueiro, se trata de gardar un segredo para salvar aos Reiseñores Brancos dos Cazadores, e volve xurdir a voz do poeta que lle de-



Coa beleza ferinte do canto

 MARGA ROMERO

dica esta obra “aos nenos que son mentira e que non existen”. Estes nenos xorden en forma de número nas estatísticas no apartado, “A prensa do conto”, que percorre os xornais para extraer as noticias que fan referencia ao mercado da infancia da compra e venda de nenos para transplantes, á explotación infantil no traballo, na prostitución, no maltrato, na tortura,... noticias que adoitamos ler todos os días e que nos deixan indiferentes, quizais por pensar que estas historias fican demasiado lonxe ou, peor, por convivirmos co terror dun xeito cómplice e insolidario. Por último, recóllense artigos de prensa que se publicaron sobre o libro, entre outros, fermosas recen-

sións de Dora e Pura Vázquez e unha carta persoal de Vázquez Montalbán que singulariza aínda máis a marabilla desta edición. Velai unha mostra da recepción que tivo a primeira edición desta obra, hai xa algo máis de dez anos e que, agora sabemos que se vai converter nun clásico, nun deses libros necesarios polos que non transcorre o tempo. E no centro, ese gran poema, tecido coa arte milenaria do canto e da fábula, ese poema épico no que se nos conta a peor das traxedias, a persecución dos nenos, o exterminio da infancia. Só co dominio da linguaxe poética se poden dicir verdades tan atroces, agochadas na mentira, só con este dominio se pode conseguir tanta beleza para cantar a morte dos reiseñores brancos. Canto que pode ser de berce para abanar eses sonhos, ou pode ser diálogo coa nai que sofre a perda do fillo que desexa fuxir para non converterse no cazador que é o seu propio pai, ou simplemente conto-herdanza do ancián da longa barba. Espazos que forman parte da xeografía do poeta como o deserto de Nabalpam, no que só hai fame e no que se atopa asulagado o Lago Grande, debaixo das súas areas, onde van beber as Garzas Azuis, que deben buscar os reiseñores sen que os atrape o gardián do deserto. O remate do conto regresa desde o inicio cunha nana calada coa que imos adormecendo mentres escoitamos retallos que iluminan o poema total, esta alegoría na que debemos gardar un segredo e regresar á infancia. Regresar cunha conciencia de denuncia.

PEXEGUEIRO É QUEN DE NOS
FACER REGRESAR Á
INFANCIA; REGRESARMOS
CUNHA CLARA CONCIENCIA
DE DENUNCIA

PEXEGUEIRO, Alfonso, O lago das garzas azuis, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 103 páxinas